

## ACTA DO XURADO DOS XVI PREMIOS COAG DE ARQUITECTURA

En Santiago de Compostela, sendo as 11:00 horas do venres 27 de febreiro de 2015, reúnese o Xurado dos XVI Premios COAG de Arquitectura. De acordo co previsto nas Bases do Concurso, o Xurado está integrado polos seguintes membros:

### **PRESIDENTE:**

O Sr. Decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia **D. Antonio Maroño Cal**, arquitecto

### **VOCAIS:**

**D. Antonio Miranda Regojo-Borges**, arquitecto. Catedrático de Proxectos Arquitectónicos ETSA Madrid

**D. João Mendes Ribeiro**, arquitecto. Profesor de Proxectos de Arquitectura. Universidade de Coimbra

**D. Alfredo Freixedo Alemparte**, arquitecto. Profesor de Proxectos Arquitectónicos. Vocal designado pola ETSA de A Coruña.

### **SECRETARIO:**

O Presidente da Comisión de Cultura do COAG, **D. Cristóbal Crespo González**, arquitecto.

O xurado, unanimemente, quere deixar constancia da gran calidade das propostas, da excelencia das premiadas, da importancia de moitas outras (seleccionadas ou non), e de que ningunha das presentadas pode ser considerada irrelevante ou mediocre. O número e o nivel dunhas obras achegadas directa e libremente polos seus propios autores, evidencia a altura intelectual do discurso da Arquitectura Galega no século XXI, na plenitude dunha crise especialmente devastadora e persistente para o noso sector. Resulta admirable a actitude deste colectivo profesional que, a pesar das enormes dificultades e o escaso recoñecemento, cunha actitude case heroica e unha elevada autoesixencia, son capaces de manter un elevado compromiso coa nosa terra e coa modernidade.

Establécese un prolongado, intenso e frutífero debate sobre as propostas presentadas. Como decisión para facilitar o seu labor, o Xurado decide seleccionar un máximo de catro finalistas para cada unha das categorías; de entre estes finalistas elixíranse os premiados.

O Xurado quere así mesmo, facer mención expresa do grande interese de todos os traballos presentados na categoría DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN, pero vese na imposibilidade de xulgar axeitadamente, co rigor e a dedicación requirida, libros, publicacións e Tese Doutorais que, aínda tendo un rigor científico e unha relevancia académica incuestionable, posúen un máis limitado impacto divulgativo.

Decidiuse deixar algunhas categorías desertas de premios e finalistas. Iso en absoluto significa que non se recoñezan os evidentes valores das obras presentadas, senón que consideradas globalmente, habería certa distorsión cualitativa entre as propostas en función da categoría na que estean encadradas que, dado o desequilibrio en número, se quixo evitar.

A selección de finalistas e premiados, por categorías, é a seguinte:

## A · VIVENDA

---

### PREMIO EX-AEQUO:

**MANUEL JORRETO DÍAZ**

**VIVENDA UNIFAMILIAR** | Urbanización Pazo Ramirás | OURENSE

Valorouse a precisión e elegancia do obxecto, o acertado uso dos materiais e o seu rigor construtivo, a súa contención volumétrica, a calidade dos espazos interiores e o tratamento dos exteriores, e o diálogo cun lugar do que ambos os dous, vivenda e paisaxe, resultan beneficiados.

**JORGE ALVAREZ RUA | JOSE CARLOS ALVAREZ RODRIGUEZ | LAURA ARIAS PARDO**  
**[TERCERODERECHA ARQUITECTOS]**

**VIVENDA UNIFAMILIAR** | Xuanzo | Abegondo | A CORUÑA

O xurado considera moi destacable a valentía e o carácter experimental dunha proposta que se interna no século XXI sen recorrer a antecedentes formais claros. A formalización do patio, e a súa relación coa casa e co terreo, dinamiza os espazos en torno a el, propoñendo novos usos. Valórase tamén o uso dunha linguaxe sobria, dunha xeometría complexa pero moi ben manexada, dunha escala axustada ao lugar e duns materiais que achegan desenfado e lixeireza á vivenda.

### FINALISTAS:

**ALVARO MARÍN DURÁN | ALFONSO CASTRO LORENZO**

**VIVENDA UNIFAMILIAR** | SANTIAGO DE COMPOSTELA

**ALFREDO ALCALÁ NAVARRO | RAMON MONTERO CEREIJO**

**VIVENDA BAJO TIERRA** | Brixeo | Cedeira | A CORUÑA

## B · REHABILITACIÓN

---

### PREMIO:

**EMILIO RODRÍGUEZ BLANCO**

**REHABILITACION INTEGRAL DE VIVENDA UNIFAMILIAR** | Portanova | Coeses | LUGO

Nunha categoría tan disputada como esta, se decidiu premiar a achega desta vivenda en Coeses polo seu carácter exemplar, que vai moito máis alá da súa evidente calidade arquitectónica. A decisión de complementar o corpo orixinal cunha peza actual sen concesións, profundamente meditada e medidas, unida á naturalidade nada afectada do xesto, resulta nun brillante exercicio de arquitectura, discreto e dunha harmonía conmovedora. Un claro exemplo da enerxía potencial dunha paisaxe e unha tradición aínda recuperables dende a sensibilidade e a cultura.

### FINALISTAS:

**ANTONIO PERNAS VARELA**

**REPARACIÓN DE ESTRUCTURA DE CUBERTA E CONSTRUCCIÓN DE NOVA BÓVEDA DE MADEIRA** | Taragoña | Rianxo | A CORUÑA

**ÓSCAR LÓPEZ ALBA | JOSÉ LUIS ARIAS JORDAN**

**ALBAMASARIAS ARQUITECTURA URBANISMO Y DISEÑO, SLP**

**REHABILITACIÓN DE VIVENDA** | Baralla | LUGO

**MARÍA LUISA PIERRES LOPEZ**

**VIVENDA UNIFAMILIAR** | O Beloso | Bueu | PONTEVEDRA

## C · EQUIPAMENTOS

---

### PREMIO:

**JOSÉ CARLOS SEOANE GONZÁLEZ**

**CENTRO SOCIAL E DE OCIO BIOSAUDABLE** | Eirexa | Oleiros | Ribeira | A CORUÑA

O xurado quere subliñar a sensibilidade no uso dos materiais, na exploración do feito construtivo como expresión da arquitectura, reinterpretando formas e materiais e recorrendo a novas técnicas cando se considera oportuno. O traballo coas texturas e a luz é outra das grandes virtudes dun proxecto sensible e de marcado carácter experimental.

**FINALISTAS:**                    **JUAN JOSÉ CREUS ANDRADE | COVADONGA CARRASCO LÓPEZ**  
**CREUSECARRASCO, SLP**  
**AMPLIACIÓN DO ALBERGUE BELA MUXÍA | Muxía | A CORUÑA**

**ABALO ALONSO ARQUITECTOS | ELIZABETH ABALO | GONZALO ALONSO**  
**MARIA LUISA PIERRES LOPEZ**  
**CENTRO DE SAÚDE | Monterroso LUGO**

**FRANCISCO JAVIER VÁZQUEZ FERNÁNDEZ | PERFECTO CENDÓN DOMÍNGUEZ**  
**CENDÓN-VÁZQUEZ ARQUITECTOS, SCP**  
**CENTRO PARA INSTALACIÓNS, EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS RURAIS**  
**Poulo-Regueiro | Torroso | Mós | PONTEVEDRA**

## D · DESEÑO URBANO / ESPAZOS ABERTOS

---

**PREMIO:**                    **DESIERTO**

**FINALISTAS:**                **NO HAY FINALISTAS**

## E · INTERIORISMO Y REFORMA INTERIOR

---

**PREMIO:**                    **JOSÉ JAVIER VILLACÉ RODRÍGUEZ | MARTÍN DE COMINGES CARVALLO**  
**VILLACÉ Y COMINGES ARQUITECTOS**  
**ADAPTACIÓN DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE CAFETERIA | VIGO**  
O xurado destaca a elegancia dunha intervención sobria e sen artificios, que encontra ocasión para interpretar e matizar o estilo "Art-Decó" do edificio en que se integra, renunciando á autonomía expresiva que habitualmente se dá neste tipo de programas.

**FINALISTAS:**                **OSCAR PATO MALVAREZ**  
**2+ | REFORMA DE PISO NA AV FINISTERRE | A CORUÑA**

**SEVERO RODRÍGUEZ SOMOZA**  
**ALMA NEGRA | REFORMA DE LOCAL PARA RESTAURANTE | A CORUÑA**

**ÓSCAR LÓPEZ ALBA**  
**REFORMA INTERIOR DE VIVENDA | CALLE CRUZ | LUGO**

## F · ARQUITECTURAS EFÉMERAS

---

**PREMIO:**                    **JORGE GARCÍA ANTA | FERNANDO EIROA LORENZO | FRANCISCO XABIER BARRAL**  
**FERNÁNDEZ (estudiante de arquitectura) | REBECA EIRAS BOHORQUE (estudiante de**  
**arquitectura)**  
**ORDENACIÓN FESTIVAL DO NORTE 2014 | Varadoiro do Xufre | ILLA DE AROUSA**  
Nesta obra o xurado estimou a capacidade para modelar un espazo e propoñer diferentes usos e ámbitos utilizando exclusivamente módulos de palés de madeira. Tamén o acerto á hora de extraer posibilidades expresivas, ao facelos traballar como peche a xeito de celosía, ao compoñer estruturas de certa dimensión e ao incorporar elementos referenciais e de sinalización.

**FINALISTA:**                **ANTONIO GARCÍA FERNANDEZ | YOLANDA SOMOZA VALES**  
**EXPOSICIÓN ITINERANTE "COMPAÑEIROS DE OFICIO" | Sede da Fundación Barrié | VIGO**

## G · BAIXO CUSTO

---

- PREMIO:** JORDI CASTRO ANDRADE | MARÍA GONZALEZ FERRO | CASTROFERRO ARQUITECTOS  
[EL REFUGIO](#) | [VILABOA](#)  
A reflexión sobre o hábitat mínimo convértese neste caso na elaboración dunha peza precisa e optimista, concibida para un proceso de prefabricación industrial, formalmente contida e versátil no uso e a localización, e que o xurado considerou como moi interesante. O acertado uso dos materiais e o esmerado deseño das pezas que o compoñen, contrasta co carácter xenérico e frío que pode chegar a presentar a construción seriada.
- FINALISTA:** MANUEL JORRETO DÍAZ  
[REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR](#) | [A Ferreirúa](#) | [Nogueira de Ramuín](#)

## H · ARQUITECTURA NOVEL

---

- PREMIO:** DESIERTO
- FINALISTAS:** NO HAY FINALISTAS

## I · DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

---

- PREMIO:** RUBÉN ULLOA MONTES | LUIS SANTALLA | ALBERTO FORTES | JUAN MIGUEL SALGADO | DARIO VALLINA | ADRIÁN CAPELO | IAGO VALVERDE | OMAR RODRÍGUEZ | ESTEBAN VIGO | MIGUEL PICADO | IAGO CASABIEL  
[ARQUITECTURADEGALICIA.EU](#) | [PÁXINA WEB](#) | [GALICIA](#)  
Asumindo a eficacia da ferramenta web como vehículo para a divulgación e o coñecemento, o xurado decidiu premiar a [arquitecturadegalicia.eu](#) destacando a súa claridade expositiva, o seu carácter aberto e o esforzo na presentación e actualización dos contidos. Unha iniciativa loable para tomar conciencia e dar a coñecer a arquitectura galega dentro e fóra do noso país.
- FINALISTA:** JOSE JORGE SANTOS OGANDO | JOSE CARLOS MERA RODRÍGUEZ  
SANTOS-MERA ARQUITECTOS SLP  
[GUÍA DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA DE GALICIA](#) | [GALICIA](#)

## J · PROXECTO FIN DE CARREIRA

---

- PREMIO:** PABLO LÓPEZ PROL  
[ESTADIO OLÍMPICO NA RIBEIRA DO MANZANARES](#) | [MADRID](#)  
O xurado destaca a solvencia demostrada polo autor ao asumir un proxecto de escala tan complexo como o dun estadio, o esforzo de integración paisaxística e de rexeneración do ámbito fluvial.
- FINALISTAS:** ESTEFANÍA GRANDAL LEIRÓS  
[ADEGA EN O RIBEIRO](#) | [Cabanelas](#) | [Quintela](#) | [O Carballiño](#) | [OURENSE](#)
- MARTÍN INSUA CALVO  
[GRANXA ESCOLA EN COSPEITO](#) | [LUGO](#)
- LORENA GONZÁLEZ GARCÍA  
[CENTRO DE DÍA E 25 VIVENDAS TUTELADAS](#) | [Betanzos](#) | [A CORUÑA](#)

## K · CATEGORÍA ESPECIAL | PREMIO Á TRAXECTORIA PROFESIONAL

---

- PREMIO:** MANUEL GALLEGO JORRETO